

***SANTUARIOS DO CONCELLO DE FRIOL. A VIRXE DO
ERMO (CARLÍN). O SAN BIEITO DE CARBALLO. A SANTA
MARTA (VILLALBITE).***

PUBLICACIÓNS:

-NO BOLETÍN DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO, Nº4, 1988-89.

**-RELIGIOSIDAD POPULAR EN EL MUNICIPIO DE BEGONTE, LUGO:
DEPUTACIÓN PROVINCIAL, 1993.**

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

I. SANTUARIO DA VIRXE DO ERMO.

1. LOCALIZACIÓN E PECUALIARIDADES ARTÍSTICAS.

O santuario a efectos eclesiásticos está situado na freguesía de Santa María de Carlín, anexa de Santiago de Trasmonte, arciprestado de Narla e diócese de Lugo, e civilmente encóntrase na parroquia de Carlín, pertencente ao concello lucense de Friol.

COORDENADAS U.T.M.

X: 595.419

Y: 4.770.972

O recinto sacro é unha pequena capela chamada de “Santa María do Ermo” ou, tamén, da “Nosa Señora do Ermo”, situada fronte á igrexa parroquial. É de planta rectangular, e amosa unha porta de acceso cun arco de medio punto de grandes dovelas e unha cuberta a dúas augas. Foi construída con bos sillares de granito de diferentes tamaños. Un bó número destas pedras levan gravados uns signos que probablemente sexan as marcas dos distintos canteiros que as elaboraron. O carácter típico do edificio lévanos a sinalar como data o século XVI, quizais xa avanzado. No interior hai un pequeno retábulo barroco cunha imaxe da Virxe co Neno, obra do século XV.

Preto da capela hai unha fonte. Na súa fachada de cara ao poñente presenta dous corpos realizados con sillares de granito colocados en fiadas. O corpo inferior se remata cunha sainte e moldurada cornisa; no seu fondo está adosada a pequena charca de auga. Sobre este primeiro corpo erguese un segundo formado por un irregular fronte pentagonal; no centro do mesmo hai unha gran fornella rematada nun arco, na que é probable que houbese unha imaxe da Virxe ¹.

2. A DEVOCIÓN POPULAR.

O día 25 de marzo conmemórase a festividade desta advocación mariana, que coincide coa da Anunciación. Acoden devotos pertencentes a diferentes parroquias do concello de Friol mais tamén doutros concellos limítrofes como Guitiriz, Begonte,

¹ DELGADO GÓMEZ, Jaime. “Carlín, un pueblo preocupado por su patrimonio cultural. Un Santuario Mariano en Carlín (III)”, en *El Progreso. Diario de Lugo y su Provincia*, 3-4-1991, páxs. 4-5.

Outeiro de Rei, Sobrado dos Monxes, e Lugo. Os devotos ofrécese normalmente por si mesmos mais hai algúns casos nos que veñen en nome doutras persoas que, polas súas doenzas, non poden acudir á romaría.

Os pedimentos máis usuais adoitan ser por doenzas humanas e animais; polos recenados e polos que van nacer; por problemas de carácter familiar e social. Tamén hai rogativas de índole precautorio non só por doenzas senón tamén pola facenda familiar.

As peticións dos fieis supoñen unha actitude de submisión á Virxe, que é considerada por algúns devotos como unha importante mediadora perante de Deus, mentres que para outros trátase dunha entidade que ten poder propio. Para expresar este sometemento ao poder sacro, os ofrecidos cumpren cunha serie de promesas que poden realizarse, indistintamente, denantes ou despois da concesión do pedimento. Para iso, os devotos adoitan tomar parte en diferentes rituais e ofrendas que describo a continuación:

2.1. RITUAIS

No que atinxe aos rituais penitencias, un costume aínda vixente para algúns devotos é a de vir andando desde o seu lugar de orixe, preferentemente das freguesías limítrofes coa do santuario. Camiñar é a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal. No ano 2009, segundo un informante da freguesía, unha devota deu unha volta á capela de xeonllos. Unha vez no santuario os fieis oen na igrexa parroquial –debido a falta de espazo da capela– algunha das misas, que se ofician pola mañá, ó mediodía e primeiras horas da tarde. En todos os casos a asistencia a eucaristía pode complementarse co sacramento da confesión e posterior comunión.

No ano 2012, oficiáronse catro misas: tres rezadas e a das 13 horas, solemne. Logo da misa solemne, concelebrada a primeiras horas da tarde, sae a procesión que percorre o perímetro da igrexa e, logo, sae do adro de cara a capela, onde tamén percorre o seu perímetro, e logo, deixan a advocación mariana do Ermo no seu interior ata o ano vindeiro ². A continuación o resto da procesión volta á igrexa parroquial. Este ritual, con respecto aos seus elementos, reviste a seguinte disposición: a cruz e pendón parroquial, levados por rapaces da parroquia; logo, a imaxe da Virxe do Rosario, portada nas andas por catro veciños da freguesía. A continuación, a advocación mariana

² Na víspera da conmemoración festiva trasladase a advocación mariana do Ermo da capela á igrexa parroquial, situado moi preto.

do Ermo, levada nas andas por catro devotas da parroquia. Como remate, os cregos concelebrantes acompañados dun bó número de fieis colocados sen distinción de idade e sexo.

Ademais da participación na liturxia oficial, os ofrecidos levan a cabo algúns rituais populares. Un deles é o de recibir a imposición da imaxe mariana no interior da capela. Así, dous fregueses, con senllas imaxes pequenas da advocación mariana, fan unha cruz por riba da cabeza dos devotos. Estes bican a imaxe mariana e deixan unha esmola nunha boeta, mentres os poñentes recitan a seguinte xaculatoria para cada fiel que se achega:

“Santa Bendita /che quite a enfermidad / e che dea a sanidad / pola gloriosa virtude desta Santa. Amén”/.

Así mesmo, no interior da igrexa parroquial algúns devotos tocan coas súas mans e panos as imaxes marianas do Ermo e do Rosario, e posteriormente pasanos pola cara e outras partes do corpo cunha finalidade profiláctica e sandadora. Tamén, pasan por ditas imaxes estampas, rosarios, medallas...

Finalmente, preto da capela hai unha fonte de cantería adicada á Virxe do Ermo. Alí un bo número de devotos adoitan lavar as mans, cabeza e oídos. Logo secanas cuns panos, que soen deixar nunhas silveiras situadas ao seu carón, existindo a crenza de que a medida de que os panos van secando as doenzas tamén van curando. Antano nesta fonte realizábase un ritual ligado con algunhas doenzas infantís: tolleitos, dificultade para andar, parálisis... Este consistía no seguinte: ***“aqueles nenos que tardaban en andar, levabanos á fonte da Virxe do Ermo, onde unha persoa chamada María lavavalles os pés ao carón da fonte. Logo, secaballos cuns panos que deixaba pendurados nunhas silveiras ao carón da fonte”***.³ Este ritual da fonte de Carlín estaba asociado ao ritual curativo do “mal do sartego” de Trasmonte ⁴.

ALGUNS DATOS SOBRE O “MAL DO SARTEGO”.

Las respuestas culturales más significativas sobre la etiología del “mal” pueden quedar sintetizadas en “porque Dios o quixo así”, “son cousas que Dios nos manda”, e “xa nacen co mal”, “moitos xa veñen co mal”...

³ Diferenes informantes da comunidade de Carlín.

⁴ FIDALGO SANTAMARIÑA, J. Antonio: ***Antropología de una parroquia rural***, Ourense: Cuadernos do Laboratorio Ourensán de Antropología Social. Serie Galicia Campesiña 1. Caja Rural de Ourense, 1988, paxs. 198-202.

Si bien la etiología del mal es, desde la perspectiva del grupo, de naturaleza extraempírica, su sintomagología clínica es empírica y detectable, ya que los niños que sufren el “Mal do Sartego” presentan los siguientes síntomas: “Son nenos moi delgados, débiles, pálidos”. “Teñen as pernas cruzadas, delgadas, blandas, sin forza”. “Teñen a cabeza grande, mais grande do que é normal a sua idade”. “Teñen o ventre algo inchado, grande, abultado”. “Non medran, non se dan botado a andar”...

La descripción de la práctica ritual es la siguiente: I.- Una vez que la familia llega con el niño al lugar del Sartego, ha de buscar una María, que será la encargada de practicar el ritual. II.- Esa María transporta el agua en un recipiente limpio, y la echa en el hueco del Sartego donde se va a llevar a cabo la casi totalidad de la práctica ritual. III. Seguidamente, la María coge al niño y procede a quitarle la ropa y a lavarlo íntegramente, utilizando esa agua de la fuente del Sartego anteriormente depositada. IV.- Finalizado el lavado, la ropa que el niño trae puesta y que tocó su cuerpo, se introduce dentro del hueco del Sartego; la María, sin haber secado previamente al niño, lo envuelve en una toalla o pano limpio, que le proporcionan los parientes del enfermo. V.- A continuación, la María inicia el recorrido de tres vueltas alrededor de la iglesia con el niño entre sus brazos, parándose en cada esquina de la misma mientras se reza un Padrenuestro. VI.- Finalizado este acto, se viste al niño con ropa limpia y se inicia el trayecto hacia la fuente de la Virgen do Ermo de Carlín, situada en la parroquia vecina. Este trayecto ha de hacerse sin entrar en ninguna casa y, a ser posible, sin pararse en algún lugar. VII.- Ya en la fuente, se lavan un poco los pies, las manos y la frente del niño con el agua de la misma, y se limpian a un paño, que ha de quedar tendido sobre las zarzas, que crecen en torno a la fuente de la Virgen. VIII. Finalizando este último acto, se da por concluído el ritual curador, y se inicia el regreso al domicilio familiar con la esperanza de que en un corto periodo de tiempo se recupere el enfermo, dada la creencia de que: “No transcurso dun ano, os menos que veñen ó Sartego e se lles practica debidamente a cerimonia, ou sanan ou morren”⁵.

2.2. OFRENDAS.

A relixiosidade popular ten, ademais dunha dimensión práctica, un compoñente de pacto baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar ao ente sacro ou para compensalo polo favor recibido. Por iso é común que se depositen diversas ofrendas no interior do templo.

Unha moi xeral é a das candeas normais e pequenas, que se colocan nuns lampadarios de madeira e metálicos, e a dos “velóns” –cirios pequenos–. As candeas normais –ano 2012– tiñan un prezo de 0,70 euros e os velóns de 0,60 euros.

Outra oferta son as esmolos en metálico, que os fieis adoitan depositar no intre de poñen a imaxe mariana; no transcurso dalgunha das misas nas que participan; ou ben nalgunha boeta colocada na capela e na igrexa parroquial. Así mesmo, hai devotos que ofrecen estipendios en misas.

⁵ FIDALGO SANTAMARIÑA, J. Antonio: *Antropología de una parroquia rural*, Ourense: Cuadernos do Laboratorio Ourenán de Antropología Social. Serie Galicia Campesina 1. Caja Rural de Ourense, 1988, páxs. 195-198.

Finalmente, tamen hai fieis que aportan exvotos de cera, que simbolizan ao corpo humano e partes do mesmo: mans, pernas, pés... e tamén a animais: vacas, xatos, cochos.

3. CANTIGAS REFERENTES Á VIRXE DO ERMO.

Sobre os anos 50 do século pasado o párroco Don Ramiro, que se distinguiu preferentemente pola súa tarefa catequética, elaborou unha serie de estrofas na honra desta advocación mariana.

“No sé que tienen tus ojos / ¡oh Virgen Santa del Yermo./ Son los ojos de una madre/ que atraen a sus hijuelos/.

“No estés tan triste señora / que ya tus ojos no veo / los cubren sangrientas lágrimas / que te causan los blasfemos/.

“Vuelve al menos tu mirada / a los hijos de tu pueblo / queremos desde hoy amarte / queremos ser hijos buenos”./

Outra de elaboración popular:

“Toda xente da terriña / conoce a Virxen do Ermo /. Todos enfermos e sanos / pequenos, mozos e vellos/.

Todos lle rezan devotos / todos lle cantan contentos/ e hasta van a procesión/ como viñan outros tempos / cando iban a Compostela / e pasaban polo Ermo/

Alí todos cantaban / nun hospital que fixeron/ donde ahora está a capilla / do Santuario do Ermo./

Esta Virxen era Norte / daqueles santos romeiros /. Eles sabían que a Virxen / era salud dos enfermos, / por eso aquel hospital / baixo os seus ollos puxeron”/

Hai un romance, coñecido como **“A tradición da Virxen do Ermo”**, onde se narran os milagres e protección recibidos da Virxe.

“Toda xente da terriña / conoce a Virxen do Ermo / todos, enfermos e sanos / pequenos, mozos e vellos./

Todos lle rezan devotos / todos lle cantan contentos / e hasta van a procesión / como viñan noutros tempos./

*Cando iban a Compostela / e pasaban polo Ermo / alí todos acampaban nun hospital
que fixeron / donde ahora está a capilla / do Santuario do Ermo./*

*Esta Virxe era norte / daqueles santos romeiros / que o tino dela a Santiago / chegaban
desde moi lexos /.*

*Eles sabían que a Virxen / era “salud dos enfermos” / por eso aquel Hospital / baixo os
seus ollos puxeron /.*

*A devoción foi tan grande / que aqueles pobres enfermos / convertiron o Hospital / nun
famoso monasterio /.*

*Inda agora os vellos contan / tradicións dos seus abuelos / acerca deste santuario / que
merece moito credo/.*

*Una delas é que a Virxen / un día baixou do Ceo / cando xa non había nada / daquel
vello monasterio /*

*E indicou que se fixesen / naqueles vellos cimentos / unha capilla dedicada / a Madre
de Dios do Ceo /.*

*Tamén dín que alí había / un olmo tan alto e dereito / que á vista del camiñaban /
peregrinos de muy lexos/.*

*Pero o árbol veu á terra / aunque non conviña eso / non saben si o cortaron / ou caeu
por propio peso /.*

*O feito foi que ó caer / chegou coa punta muy lexos / e unha hermosa cruz de prata / alí
puxeron /.*

*Quixoa roubar un ladrón / que non tiña moito medo / e unha noite de luar / alí se
chegou moi ledos/.*

*Colleu a cruz do seu sitio / con moitisimo atrevemento / pensou que ninguén o via /
pero veuno Dios do Ceo /.*

*O pasar polas Tabarcas / que non dalí están moi lexos / aquel ladrón tan valente / de
repente quedou cego/*

*Reconoceu o delito / demandou perdón do Ceo / e guiado de rodillas / devolveu a cruz
o Ermo/.*

*En señal de esto hoxen chaman / “agro de cruz” un terreo / donde estaba posta a Cruz /
e así parece ser certo/.*

*E por hoxe, peregrinos / xa nos damos por contentos / aunque non digamos mais / que
ese pouco que dixemos/.*

Porque inda vou empezar / os estudos moi en serio / acerca da historia enteira / do Santuario do Ermo/.

Vinde peregrinos vinde / vinde devotos romeiros / vinde ofrecer oración / a Virxen santa do Ermo/.

A que diu fortuna os sanos / consolou os aflixidos / e curou enfermidades / que non contaban remedio/.

Ela salvou moitas vidas / dos que se lle ofreceron / desde os frentes de batalla / e de casas máis adentro /.

Ela garda os nosos campos / cando nós o merecemos / das xeadas e pedriscos / dos malos vraus e invernos/.

Tamén coida as nosas reses / da peste e malos sucesos / das malignas epidemias / e doutros males anexos /.

Pero sana mais as almas / que é do que mais padecemos / mentras somos deste mundo / que está do ceo tan lexos /.

Vállanos esta Señora / que tanto ben leva feito / a todos que en corpo e alma / sempre a ela se ofreceron”⁶.

Por outra banda, os oficios relixiosos complementanse cunha dimensión laica e profana, na que os fieis en xeral disfrutaban dun tempo de lecer, mercan produtos de diversa índole, entre os que hai que salientar as rosquillas. Logo, á noite adultos e mozos non só do concello de Friol senón tamén doutros da contorna toman parte na verbena.

⁶ FIDALGO SANTAMARIÑA, J. Antonio: *Antropología de una parroquia rural*, Ourense: Cuadernos do Laboratorio Ourensán de Antropología Social. Serie Galicia Campesina 1. Caja Rural de Ourense, 1988, paxs. 221-223.

4. ILUSTRACIÓNS.



CAPELA DA VIRXE DO ERMO DE CARLÍN



INTERIOR DA CAPELA. DIVERSIDAD DE OFRENDAS: FIGURAS DE CERA, FLORES, ESMOLA



RITUAL DE “POÑER A SANTA”



***DIFERENTES OFRENDAS DE CERA. VELÓNS, VELIÑAS E CANDEAS
MEDIANAS NUNS LAMAPADARIOS METÁLICOS.***



RITUAL DA FONTE.



DEVOTO CUNHA OFRENDA DE FLORES



OFRENDA DE CANDEAS NUN LAMPADARIO DE MADEIRA



RITUAL DE "POÑER O SANTA"



DEVOTA CON FIGURAS DE CERA



RITUAL DA PROCESIÓN



RITUAL DE CONTACTO. DEVOTA PASA A MAN POLA CARA DA IMAXE



***RITUAL DE CONTACTO. DEVOTO BICANDO O MANTO DA ADVOCACI3N
MARIANA.***



A PROCESIÓN SAE DO ADRO DA IGREXA DE CARA A CAPELA DA VIRXE.

II. SANTUARIO DO SAN BIEITO NEGRO.

1. EMPRAZAMENTO E TRAZOS ARTÍSTICOS.

O santuario a efectos eclesiásticos está situado na freguesía de San Xián de Carballo, arciprestado de Narla e diócese de Lugo; e civilmente encóntrase na parroquia de San Xián de Carballo, concello de Friol, e provincia de Lugo.

COORDENADAS U.T.M.

X: 592.571

Y: 4.764.419

Dende unha óptica artística, o recinto sacro é dos séculos XVIII-XIX. Foi construído con aparello de sillar. Na súa análise é mester distinguir dous niveis:

1º. Nivel Arquitectónico. Está composto de dous elementos.

1.1. Un pequeno pórtico, adosado á nave polo flanco norte, no que hai unha porta de acceso á capela lateral correspondente. Está cuberto cun pequeno tellado sostido por dúas pilastras.

1.2. Hai unha nave que amosa unha cuberta a dúas augas. No seu interior hai tres capelas: dúas laterais, con tellado a tres augas, o que lle da ao edificio o aspecto dunha plante de cruz grega; e unha maior con cuberta a catro augas, sobresaíndo no alzado.

2º. Nivel Ornamental. Hai tres retablos



2.1. Retablo da capela maior. De estilo neoclásico, de fins do século XVIII. Posúe as imaxes do San Xián, da Dolorosa, e do San Roque.

2.2. Retablo da capela lateral dereita. Tamén de estilo neoclásico, do século XIX. Amosa as talles da Virxe, do San Antón e do San Xosé.

2.3. Retablo da capela lateral esquerda. De fins do século XVIII. Mostra as esculturas do San Bieito de Palermo, do San Brais e do San Ramón ⁷.

⁷ GONZÁLEZ REBOREDO, J. M.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Ministerio de Cultura, Madrid, 1975. T.II, pp. 59-60.

CONCELLO DE FRIOL



Con respecto a data de construción do santuario, que tamén fai de igrexa parroquial, cómpre sinalar as seguintes:

Na parte superior da porta de acceso á capela lateral esquerda hai unha inscrición do ano 1796, data na que debeu rematarse a parte máis antiga da igrexa. No interior da nave, a capela lateral dereita ten a data do ano 1879, e a da esquerda foi pintada no ano 1865. No arco triunfal da capela maior figura a data do ano 1895. Finalmente, o retablo lateral dereito, segundo consta nunha inscrición, foi restaurado e pintado por José Casanova Cortiñas no ano 1881.

2. ALGÚNS DATOS BIOGRÁFICOS DO SAN BIEITO DE PALERMO.

San Bieito de Palermo naceu en Sicilia. Foi fillo dun escravo procedente de Africa. Fervoroso cristián, estivo no deserto na compañía duns homes, que vivían alí seguindo a regra de San Francisco de Asís. Algunhas disposicións das autoridades eclesiásticas levárono a incorporarse á Orde Franciscana no convento de Santa María de Xesús de Palermo (Sicilia-Italia). Alí permaneceu como irmán leigo, querido e admirado na súa virtude ata o punto de ser nomeado superior. Morreu a fins do século XVI. O papa Pío VII elevouno ao Catálogo dos Santos no ano 1807.

3. A FESTIVIDADE E PETICIÓNS.

O tres de maio celébrase a festividade do San Bieito de Palermo. Acoden devotos non só do municipio de Friol, senón tamén doutros municipios como Palas de Rei, Sobrado dos Monxes, Lugo, Begonte, Guitiriz... Estes ofrécese por si mesmos ou para lograr algunha intercesión para outras persoas, que non poden acudir ao santuario por algunhas doenza.

En canto ás peticións, as máis usuais adoitan ser por doenzas humanas e de animais; así, hai devotos que soen traer figuras de cera, que representan o corpo humano enteiro ou nas súas diversas partes: pernas, pés, brazos...; tamén, figuras de cera, que simbolizan a animais; cochos, eguas e vacas dun xeito preferente. Outras rogacións están ligadas cos fillos recién nados pra que o San Bieito llos crie sans. E por calquera perturbación, que poida haber no ámbito familiar.

4. PROMESAS.

As peticións dos fieis supoñen unha actitude de submisión ao San Bieito, que é considerado por algúns devotos como un importante mediador perante de Deus. No obstante, para outros o santo ten poder propio. Para expresar este sometemento ao poder sacro, os ofrecidos cumpren cunha serie de promesas, que poden realizarse, indistintamente, denantes ou despois da concesión do pedimento. Para iso, os devotos adoitan tomar parte en diferentes rituais e ofrendas que describo a continuación:

4.1. RITUAIS LIGADOS Á RELIXIOSIDADE OFICIAL .

Desde as dez da mañá, tanto o párroco da freguesía como outros de freguesías colindantes, ofician algunhas misas ordinarias ⁸ Logo, ás 13 horas varios cregos concelebran unha misa solemne, á que adoitan asistir moitos fieis e devotos da contorna. Algúns devotos asisten a este oficio relixioso con candeas acesas da súa mesma altura.

Ao rematar a misa solemne, celébrase a procesión, que sae fóra do adro e dá a volta ó redor dun cruceiro, que se encontra ao carón da fonte do santo. Na procesión acostuman intervir os seguintes elementos: a cruz e o pendón parroquial, levados por fregueses da comunidade parroquial; as imaxes das advocacións marianas, levadas nas andas por mulleres da freguesía e por algunhas devotas; a imaxe do San Roque, levadas nas andas por fregueses; a imaxe do San Bieito de Palermo, levado nas andas por catro homes, pertencentes normalmente a freguesía; logo, os cregos concelebrantes; e, como remate, os devotos colocados sen distinción de idade e sexo. Cando hai festa profana, tamén adoitan participar algúns número da orquestra.

Todas as imaxes, que saen na procesión, santifican o espacio que percorren, proporcionando unha enerxía positiva a todos os seres, tanto persoas como animais, que se encontran en dito espazo.

⁸ O día 3 de maio, conmemoración festiva do San Bieito, oficiáronse misas ás 9,30, ás 10,15, 11,30 e ás 13 horas.

4.2. RITUAIS LIGADOS COA PIEDADE POPULAR.

Antano, moitos devotos viñan ao santuario andando ou descalzos desde o seu lugar de orixe, como sacrificio previo antes de entrar en contacto co sagrado. Na actualidade, aínda que a maioría fan a viaxe en coches particulares, segue habendo algunha pervivencia deste ritual. Así, pódese apreciar como hai devotos, que veñen camiñando desde distintas entidades de poboación da parroquia de San Xián de Carballo, doutras parroquias pertencentes ao municipio de Friol, e tamén da propia vila de Friol.

Ademais, no interior da capela do San Bieito dous fregueses encarganse de “poñer o santo”, ritual que consiste no seguinte: os poñentes con dúas imaxes pequenas do San Bieito fan unha cruz por riba da cabeza dos devotos: estes bican dita imaxe e deixan unha esmola, mentres os poñentes recitan a seguinte xaculatoria:

“Santo bendito / che dea a vida / che dea a paz / e che libre de toda enfermidade”.

No ano 2017, os nomes dos poñentes eran José Ramóns Busto Barallobre e Jesús Antonio Rodríguez Lago.

Hai anos, usábanse outras xaculatorias:

“Santo bendito / che saque a enfermidade / e che dé a sanidade.”

“Santo Benito glorioso / che dé a sanidade / e che quite a enfermidade / por este espírito que ten este santo, Amén”

Nalgúns santuarios dedicados ao San Bieito de Palermo, como en Baldomar (Begonte), a xaculatoria, que utiliza o poñente, é a seguinte.

“Por tu corazón bendito / santo del rostro moreno / de todo infernal veneno / líbranos, santo bendito”⁹.

Tamén, hai devotos que tocan coas súas mans e panos a imaxe do San Bieito e logo, pásanos polas partes doentes dos seus corpos cunha finalidade profiláctica e curativa. Tamén adoitan tocar dita imaxe con rosarios, estampas etc.

Así mesmo, preto do santuario está a “fonte do santo” na que algúns devotos aínda seguen bebendo a súa auga e levandoa en botellas para as súas casas cunha finalidade preventiva e sandadora.

⁹ BLANCO PRADO, José Manuel: *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, páx. 81.

4.3. OFRENDAS.

A relixiosidade popular ten, ademais dunha dimensión práctica, un compoñente de pacto baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar á entidade sacra ou para compensala pola doazón recibida. Por iso é común que se leven a cabo diferentes ofrendas, entre as que sinalo as seguintes:

Algúns devotos siguen ofrecendo misas, que o párroco se encarga de oficiar no santuario ao longo do ano. É unha ofrenda, que foi decrecendo dende o ano 1995 –no que se ofreceron máis de 300 misas –ata o intre actual. Aínda así, no ano 2017 houbo unha ofrenda dunhas 170 misas entre os días tres de maio, festividade do San Bieito, e o seis, domingo, día no que se celebraba “a poxa”; o prezo por misa foi de 10 euros.

No obstante, a ofrenda máis usual é a esmola en metálico, que os fieis adoitan depositar no intre de poñer a imaxe do santo; no transcurso dalgunha das misas nas que participan; ou ben nalgunha boeta colocada no recinto sacro.

Así mesmo, hai devotos que seguen ofrecendo exvotos de cera nos que é mester sinalar velas de toda índole, dende as pequenas e medianas ata as da mesma altura que a do ofrendante; os velóns ou cirios pequenos; e as figuras de cera. Estas simbolizan ao corpo humano e partes do mesmo: mans, pernas, pés... e tamén a animais: vacas, xatos, cochos. Os exvotos son levados ao santuario polos fieis en testemuña do seu agradecemento pola influencia benéfica que o San Bieito exerceu na sandación das doenzas humanas e animais ou para pregar a súa protección no curso da vida. Polo tanto, ocupan un lugar visible no recinto sacro. No ano 2017, os velóns ou cirios pequenos custaron un euro, no interior do santuario; e dous, os corpos de cera.

Finalmente, tamén segue habendo devotos que ofrecen queixos, cereais, ovos e produtos ligados ao cocho como unllas, cacheiras, lingoas, dentes, lacóns. Esta ofrenda en especie é poxada o domingo seguinte á conmemoración festiva por un fregués da comunidade, que xa o leva realizando dende hai moitos anos. O seu nome é José Ramón Busto Barallobre¹⁰, que conta coa axuda do párroco, que vai apuntando nunha libreta o prezo do produto e o nome da persoa que o adquire. No obstante, antes de comezar coa poxa o Sr. Busto distribue a ofrenda en especie do seguinte xeito: os queixos vainos

¹⁰ O pai de Xosé Ramón Busto, tamén realizou “a poxa” durante moitos anos.

poxando en lotes de dúas unidades; os productos, ligados ao cocho, vains poxando en unidades cando se trata de cacheiras e lacóns mais cando son unllas, dentes e lingoas adoita facer lotes de de catro ou seis unidades, dependendo da súa calidade; se hai ovos, por docena... Na poxa non acostuma haber un prezo de saída por parte do que a leva a cabo, senón que os asistentes á mesma son os encargados de comezar cun prezo en cada lote. Antano, a este acto adoitaban acudir un bo número de fregueses, que amosaban un gran interese por obter algún produto ligado ao San Bieito. Hoxe, o número decreceu bastante.

A “poxa” levada a cabo no ano 2017, resultou do seguinte xeito:

Un queixo: 2 euros.

Dous queixos: 3, 5, 6, 7, 8, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 euros (prezo final)

Unha lingua: 1 Euro. Unha lingua: 1 Euro. Unha lingua: 1,2 (euros, prezo final).

Unha unlla: 1,2, 2,5, 3, 3,5 euros (prezo final).

Unha unlla: 1,5, 2, 2,20, 2,5, 2,70, 3, 3,5 euros (prezo final)

Unha unlla: 0,50, 1, 2, 2,5 euros (prezo final)

Unha unlla: 1, 2, 2,5, 3

Unha cacheira: 2,5, 5, 6, 7, 8 euros (prezo final)

Unha docena de ovos: 2, 2,15, 2,20, 3 euros (prezo final),

Unha docena de ovos: 1 euro.

Por outra banda, os oficios relixiosos complementáanse cunha dimensión laica e profana, na que os fieis en xeral disfrutaban dun tempo de lecer, mercan productos de diversa índole, entre os que hai que salientar as rosquillas. Logo, á noite adultos e mozos non só do concello de Friol senón tamén doutros da contorna toman parte na verbena.

5. ALGÚNS TRAZOS DA LITERATURA POPULAR SOBRE O SAN BIEITO.

O tema da Literatura Popular prantexa unha cantidade de interrogantes de non doada resposta. **Vázquez Montalbán** fala dela coma dun conxunto sub-cultural que se convirte en testemuña de sentimentalidade, moralidade, sabiduría convencional e, polo tanto, de índice de comportamento de grupos. **Croce** referíndose ás orixes da Literatura Popular manifesta que ningún fenómeno folklórico nace como tal senón que chega a selo por medio dun proceso cultural e histórico...¹¹.

As características básicas que se soen sinalar a unha obra literaria de creación popular son catro: é oral, polo seu medio de transmisión; anónima, polo seu autor; tradicional, pola súa forma, e natural ou espontánea, pola súa expresión.

5.1. ALGUNHAS CANTIGAS POPULARES DEDICADAS AO SAN BIEITO

"S. Benitiño do ollo redondo /hei de ir alá miña nai / si non morro. Hei de levar unha bota de viño / pra emborracharme no S. Benitiño".

Esta cantiga é moi popular. Sen embargo o último verso é substituído por outro que dice: "**e un anaco de pan pra o camiño**".

"S. Benitiño redondo / ó que lle foron armar / que tiña unha muller morta / debaixo do seu altar".

Nestas cantigas manifestase por unha banda o efecto compensatorio e lúdico da festa profana, logo que de que os devotos realizaran unha serie de promesas ó santo. Por outra o carácter burlesco, e grotesto con respecto ó santo. Polo tanto case sempre en tódalas comunidades dase unha actitude de ambigüidade.

Finalmente hai unha adiviña referida a romaxe do S. Benito que di o seguinte:

¹¹. SIXIREI PAREDES, Carlos: **SAN CRISTOBO DE XAVESTRE, Chequeo a unha comunidade rural**, Ed. do Castro, Sada, A Coruña, 1982, páxs. 220-221

"Fun á romería de S. Benitiño, / a un pai e sete fillas crucei no camiño; / cada filla levaba sete sacas, / en cada saca ían sete gatas, / cada gata sete gatiños. Gatiños, gatas, sacas, homes, mulleres no camiño, / ¿ cantos ían ó San Benitiño?" ¹² .

¹² MARTÍN, Paco: *¿ Que cousa é cousa...? Libro das adiviñas, Cultura popular*, Vigo: Ed. Galaxia, 1985, páx. 174.

6. ILUSTRACIONES.



SANTUARIO DO SAN BENITO (SAN XIÁN DE CARBALLO)



POSTO DE EXVOTOS DE CERA



RITUAL DE CONTACTO COA IMAXE DO SAN BIEITO. MEDIADOS DA ÚLTIMA DÉCADA DO SÉCULO XX.



RITUAL DE “POÑER O SANTO”. MEDIADOS DA ÚLTIMA DÉCADA DO SÉCULO XX.



DEVOTOS ESPERANDO PARA “POÑER O SANTO”. ANO 2007.



RITUAL DE CONTACTO. AÑO 2017.



DEVOTA OFRECENDO UNHA FIGURA DE CERA.



RITUAL PROCESIONAL. MEDIADOS DA ÚLTIMA DÉCADA DO SÉCULO XX.




RITUAL PROCESIONAL. ANO 2017.



**VELAS DA MESMA ALTURA QUE A DO OFRENDANTE.
OFRENDA EN ESPECIE.**



DEVOTA BAIXO AS ANDAS DA IMAXE DO SAN BIEITO



FREGUÉS POXANDO A OFRENDA EN ESPECIE. MEDIADOS DA ÚLTIMA DÉCADA DO SÉCULO XX.




POXA DA OFRENDA EN ESPECIE. ANO 2017.



CARTEL DAS FESTAS DE SAN BENITO. ANO 2017.



FIGURAS DE CERA E VELÓNS



OFRENDA DUN LACÓN PRA SER POXADO.



BOETA DEDICADA AO SAN BIEITO

III. SANTUARIO DA SANTA MARTA.

1. LOCALIZACIÓN E PECUALIARIDADES ARTÍSTICAS.

O santuario a efectos eclesiásticos está situado na freguesía de San Pedro de Villalbite, arciprestado de Narla e diócese de Lugo, e civilmente encóntrase na parroquia de Villalbite, pertencente ao concello lucense de Friol.

COORDENADAS U.T.M.

X: 595.419

Y: 4.770.972

A nivel artístico, trátase dunha sinxela edificación, que amosa no fronte aparello de sillar. Consta dos seguintes elementos:

1º. Unha espadana dun van.

2º. Unha nave cunha porta de acceso adintelada.

3º. Unha capela maior, máis elevada e ancha que a nave, cunha cuberta de pizarra a catro augas.

4º. Un retablo maior de carácter popular, que presenta unha escultura de San Xosé; un crucifixo de madeira, do século XVIII; e unha escultura de Santa Marta, que foi pintada por Don Benigno Ledo ¹³.

2. FESTIVIDADE. TERRITORIO DE GRACIA E PEDIMENTOS.

A festividade da santa conmemórase o domingo seguinte á festividade de Santiago Apóstolo.

Acoden devotos de diferentes freguesías non só do concello de Friol senón tamén de Lugo. Ademaís, adoita vir un bo número de romeiros da cidade de Lugo.

Estes acostuman encomendarse á santa por doenzas relacionadas cos oídos.

¹³ GONZÁLEZ REBOREDO, J. M.: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos. T. VI, 1983.

3. DEVOCIÓN POPULAR.

As rogacións dos devotos supoñen unha actitude de submisión á santa, que é considerada por algúns devotos como unha importante mediadora perante de Deus, mentres que para outros trátase dunha entidade que ten poder propio. Para manifestar esta actitude con respecto ao poder sacro, os ofrecidos realizan unha serie de promesas, que poden levarse a cabo “a priori”, é dicir denantes da concesión da rogación, ou ben “a posteriori”, e, polo tanto, logo da concesión do pedimento. Para iso, os devotos soen participar en diferentes rituais e ofrendas, que describo a continuación:

3.1. RITUAIS DE DEVOCIÓN.

Hai unha serie de prácticas de índole relixiosa, que os devotos ofrecen á Santa Marta. Estas están ligadas cunha liturxia de carácter oficialista ou popular.

3.1.1. RITUAIS DE CARÁCTER OFICIALISTA.

*** CELEBRACIÓN DE MISAS.**

O sábado seguinte á festividade de Santiago Apóstolo o párroco da comunidade oficia dúas misas na honra dos defuntos da freguesía. O domingo, festividade de Santa Marta, o párroco e un crego dunha freguesía colindante ofician dúas misas. Logo, ás 13, 30 ambos os dous concelebran a misa solemne no palco da orquestra, asistindo un bo número de fieis.

*** RITUAL DA PROCESIÓN.**

Ao rematar a misa da unha e media, concelebrada por ambos os dous cregos, sae a procesión fora do adro e vai ata un cruceiro, circundandoo, para retornar logo ao seu punto de orixe. A disposición dos distintos elementos, que participan na procesión, é como sigue: un fregués porta a cruz parroquial; séguelle a advocación do San Xosé, levada nas andas por catro homes da comunidade; logo, a advocación de Santa Marta, que é portada por catro mulleres da freguesía; como remate, os cregos participantes no oficio relixioso; algúns músicos da orquestra; e un bo número de devotos, dispostos sen distinción de idade

e sexo.

3.1.2. RITUAIS DE CARÁCTER POPULAR. RITUAIS PURIFICADORES E DE CONTACTO.

Ademais da participación na liturxia oficial, os ofrecidos levan a cabo algúns rituais populares. Un deles, de carácter penitencial, e a de vir caminando desde o seu lugar de orixe, preferentemente das freguesías limítrofes coa do santuario. Camiñar é a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal.

Logo, **Juan Roca Sanjurjo**, fregués da comunidade, encargase de botar dun frasco de plástico unhas gotas de aceite nos oídos enfermos das persoas ofrecidas. Tamén se ocupa de “poñer a santa” cunha imaxe pequena destinada a tal fin. O poñente mentres fai o sinal da cruz por riba da cabeza dos devotos, recita a seguinte xaculatoria:

“Que Santa Marta / che quite a enfermidade / e che dé a sanidade / pola virtude que ten a Santa. Amén”.

Ademais, hai devotos que pasan as súas mans e panos pola imaxe da santa e, logo, adoitan pasalos polas partes doentes –oídos, as veces cara, ollos– cunha finalidade profiláctica e sandadora; tamén, acostuman pasar por dita imaxe estampas, rosarios, medallas, quedando deste xeito sacralizadas,

4. OFRENDAS.

A relixiosidade popular ten, ademais dunha dimensión práctica, un compoñente de pacto baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar ao ente sacro ou para compensalo polo favor recibido. Por iso é común que se depositen diversas ofrendas no interior do templo. A ofrenda fundamental é a das esmolos en metálico, que os fieis adoitan depositar no intre de poñer a imaxe mariana; no transcurso dalgunha das misas nas que participan; ou ben nalgunha boeta colocada na capela. Hai uns poucos devotos que traen ramos de flores coa finalidade de ornamentar a capela.

5. BIBLIOGRAFÍA.

BLANCO PRADO, José Manuel: Algunhas consideraciones sobre el Santuario de la Virgen do Ermo de Carlín (Friol), En Boletín do Museo Provincial de Lugo, nº4, 1988-89, páxs. 153-162.

BLANCO PRADO, José Manuel: *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, p. 81.

BLANCO PRADO, José Manuel: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Servicio Publicacións Deputación Provincial de Lugo, 1996, p. 134.

CANCIO FERNÁNDEZ, José: Delineante, que realizou o mapa de localización.

DELGADO GÓMEZ, Jaime: “Carlín, un pueblo preocupado por su patrimonio cultural. Un Santuario Mariano en Carlín (III)”, en *El Progreso. Diario de Lugo y su Provincia*, 3-4-1991, páxs. 4-5.

FIDALGO SANTAMARIÑA, J. Antonio: *Antropología de una parroquia rural*, Ourense: Cuadernos do Laboratorio Ourensán de Antropología Social. Serie Galicia Campesina 1. Caja Rural de Ourense, 1988, paxs. 198-202.

GONZÁLEZ REBOREDO, J. M.: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos. T. VI, 1983.

GONZÁLEZ REBOREDO, J. M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.

MARIÑO FERRO, X. R.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais, 1987.

MARTÍN, Paco: *¿Que cousa é cousa...? Libro das adiviñas*, Cultura popular, Ed. Galaxia, 1985, p. 174.

SIXIREI PAREDES, Carlos: *SAN CRISTOBO DE XAVESTRE, Chequeo a unha comunidade rural*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1982, páxs. 220-221

6. ILUSTRACIONES.



CAPELA DE SANTA MARTA (VILLALBITE)



DEVOTOS OÍNDÓ UNHA DAS MISAS QUE SE OFICIAN NO INERIOR DA CAPELA



UN FREGUÉS INTRODUCE UNHAS GOTAS DE ACEITE NO OÍDO ENFERMO DUN DEVOTO.



RITUAL DE “POÑER O SANTO”



RITUAL DE CONTACTO. UN DEVOTO PASA UN PANO POLA IMAXE DE SANTA MARTA



UN DEVOTO, LOGO DE TOCAR CUN PANO A IMAXE DA SANTA, PASAO POLA CARA E OS SEUS OLLOS.



RITUAL DE BOTAR O ACEITE NOS OÍDOS.



RITUAL DA PROCESI3N COS SEUS DISTINTOS ELEMENTOS.



***DETALLE DO RITUAL PROCESIONAL. A PROCESI3N D3 A VOLTA 3 REDOR
DUN CRUCEIRO.***



RITUAL DE CONTACTO COA IMAXE DE SANTA MARTA



RITUAL DE "POÑER O SANTO"